

AVELINO R. POMBO

A terra ule a primavera. O sol, logo de moitos meses avergoñado, saca peito. Estar nun claro do piñeiral, co raiolo batendo no lombo, é un pracer dende primeiras horas da mañán. Son os primeiros días de maio de 1947, e o que está ao clareo é o cormelán Avelino Rivas Pombo. Este piñeiral de Bergantiños convida ao optimismo, pero a moral de Avelino está polo chan.

Nos últimos días está sendo moi complicado comer e durmir a cuberto. Os problemas empezaron cando Manuel Ponte Pedreira, xefe da Cuarta Agrupación Guerrilleira de Galicia (máximo líder de todas as guerrillas da provincia da Coruña) foi abatido polos tiros da Garda Civil, xunto a outros tres guerrilleiros, nos arredores de Fontao, no Concello de Frades. O problema para Avelino debía ser só a perda do destacado compañeiro, do guerrilleiro con dotes de liderazgo. Pero Ponte levaba no peto (ai!) unha lista cos nomes dalgúns enlaces e a Garda Civil, tirando deste fío, conseguiu desmantelar totalmente a rede de enlaces da Costa da Morte e das comarcas de Ordes e Arzúa. Por este motivo, Avelino leva xa varios días comendo en tabernas, co risco que esto supón, e durmindo ao raso ou en covas no monte.

Os enlaces da guerrilla foron o máis grande éxito que tivo o PCE desque se fixo co control político da IV Agrupación. Os tan manidos tópicos de pasotismo, de falta de compromiso político dos galegos chocan co feito de que nestes tempos de tan dura represión, en todas as vilas e aldeas había antifascistas dispostos a prestar apoio á guerrilla. Grazas a eles e a elas, os guerrilleiros da IV Agrupación podían moverse por toda a provincia da Coruña, de Vimianzo a Ferrol, de Corme a Arzúa, e en todos lados tiñan casas onde poder comer e durmir (anque as noites era habitual que as pasaran en cortes e palleiros, de onde era máis fácil fuxir se había algún problema).

Esta tépeda rede de enlaces era especialmente útil para Avelino, dada a grande mobilidade das tarefas que asumiu no ano e pico que estivo na guerrilla. Ao principio, na primavera de 1946, desprazábase por toda a provincia co chamado Grupo Volante, que viña sendo coma o comité central de guerrillas na provincia, e no que Avelino era home de confianza de Marrofer, alcume de Marcelino Rodríguez Fernández, mestre asturiano que liderou a IV Agrupación.

Pero esta etapa trúncase o 26 de xuño de 1946, cando Avelino e Marrofer son cercados pola Garda Civil, xunto con outros oito guerrilleiros pertencentes a diferentes destacamentos da IV Agrupación. Un deles era o seu curmán Paco Cousillas Pombo, de pais cormeláns que marcharon vivir á Coruña pouco antes de nacer Paco. O cerco foi en Milreo, un lugar da parroquia de Fervenzas, no Concello de Aranga. Lugar do gusto dos guerrilleiros, por estar ao pé de monte arborado, por onde era fácil escapar se había algún problema. Foi quizais grazas a isto que Avelino, Paco e outros cinco guerrilleiros conseguiron evadir o cerco. Marrofer, o Tenente Freijo e José Doldán tiveron menos sorte, e morreron tiroteados pola Garda Civil.



*a casa de Avelino era a do recanto
entre a praia da Ribeira e o
Caramanchón*

A morte de Marrofer provoca unha reorganización da IV Agrupación, que pasa a ser liderada por Manuel Ponte Pedreira, pasando Avelino a desempeñar a función de comisario político. Neste novo papel, Avelino ten que cambiar de destacamento cada pouco, e por eso segue dependendo moito da rede de enlaces.

Agora, sen o apoio dos enlaces, Avelino sinte que camiña polo gume dun coitelo. Non é unha sensación nova para el. Séntese vulnerable desde o día en que estoupou a Guerra Civil. Pero, en cada nova situación, a sensación de vulnerabilidade aumenta, e nos últimos días chegou a extremos que non parecen xa soportables.

Debe ser por eso que últimamente non para de acordarse daquel neno que xogaba na praia da Ribeira de Corme nos primeiros anos vinte. Agora entende o que era aquela sensación tan pracenteira. Era a seguridade, a confianza que sinte un neno cando ten á familia cerca. A súa nai, Asunción de Bartola, estaba alí ao lado, na casa. O seu avó, Andrés de Vitú, tamén estaba cerca, arranchando a súa chalana na praia ou botando a partida no bar da Torriña.

Á volta duns anos, Asunción asumíu que o seu home non volvería da América, colleu aos seus fillos e foi vivir para o que daquela eran os arredores da Coruña: a aldea de San Roque de Fóra.



Avelino en maio de 1946

Cando a proclamación da Segunda República, Avelino era un chaval de 15 anos, un chaval que tardou algún ano máis en asumir un compromiso político de esquerdas pola influencia que exercía a súa nai, de clara tendencia conservadora.

Por este feito e máis polo seu carácter introvertido, os rapaces do seu rueiro non coñecían a súa militancia política no ano 1936, aínda que nestas el estaba afiliado á JSU, emerxente daquela na cidade.

No verán deste ano veu o golpe militar e a rápida caída de Galicia en mans fascistas. E aí Avelino foi chamado a filas no bando sublevado. Alistouse, foi á guerra cos fascistas, e esperou a ocasión propicia para pasarse ao bando republicano. Unha vez alí incorporouse á 1ª Compañía do 4º Batallón, na 1ª Brigada Mixta Líster. E tamén loitou no Batallón de Milicias Populares Galegas.

Dous anos e medio despois, naquel cru inverno en que remataron todas as esperanzas republicanas, Avelino sae de Cataluña cara Francia. Como todos aqueles homes, mulleres e nenos, cruzou a pé o monte nevado. Enriba da humillación da derrota veu a do desarme a mans francesas e a do internamento nun campo de concentración tan inhóspito como era a praia de Argelès-sur-Mer, onde o aseo persoal facíase no mar e onde a auga que se bebía tamén era salgada, pois era extraída de pozos sitios na mesma praia. (E onde había algúns máis de Corme, pero esa é outra historia).

Botou en Argelès máis tempo do desexado, porque aínda estaba internado alí en agosto de 1939. Pero, por fin, poido poñer fin a esta etapa collendo un barco, en canto conseguiu asilo político en América. O seu destino final é a Arxentina, pero pode que previamente pasara unha breve etapa asilado na República Dominicana, gobernada daquela polo ditador Trujillo.

Foron moitos os militantes de PCE asilados en toda América. Este continente pasou a ser lugar de actividade importante, pois por exemplo en México estaban algúns membros do Comité Central. No nivel organizativo inmediatamente inferior, Santiago Carrillo e outros dirixentes encargábanse de organizar a viaxe de volta de cadros do PCE nos primeiros anos corenta, para que empezaran a organizar a resistencia interior ao franquismo. Estas viaxes tiñan orixe en moitos países americanos: México, Estados Unidos, Arxentina, Chile,... Non eran cousa doada. Precisaban dunha boa organización. Había que ter calma, botarlle moitos vasos nos bares onde paraban os mariñeiros, falar con uns, escoitar e observar a outros, ata detectar aos elementos afíns. E logo, organizar con eles a viaxe dos militantes, que iban de polizóns. Só unha ou dúas persoas da tripulación coñecían a presenza a bordo do militante, que iba agochado nun zulo feito no armario dun camarote, no cubículo onde se garda a áncora, ou mesmo na adegá, oculto entre o gran que se mandaba a España para abastecer aos países implicados na Segunda Guerra Mundial. A bordo dun barco e nalgún destes agochos foi como Avelino de Bartola volveu a Galicia mediado 1943.

Por este e outros sistemas, a dirección do PCE consegue meter en Galicia algúns militantes máis, e así constitúese por primeira vez despois da guerra un equipo de cadros políticos na Coruña do que forma parte Avelino. Este equipo está composto por cadros xoves, formados politicamente durante a guerra, e estará por fin completo e operativo no ano 1944. O seu labor é dirixir e coordinar a actividade das células que había xa na cidade e en toda a zona norte de Galicia, animar a creación doutras novas, e exercer de enlace entre estas células e a dirección.

Pero en maio de 1945 prodúcese unha caída, e este grupo de cadros queda disolto ao ingresar os seus membros na cadea. Avelino tamén cae, pero os militares que instrúen a causa non descubren que é un cargo importante e déixano en liberdade o 19 de xuño seguinte sen cargos.

A partir deste momento ten lugar o máis importante labor político de Avelino. Aínda que queda só, segue facendo o labor de dirección na Coruña. Na segunda metade do ano 45 entra en

A partir deste momento ten lugar o máis importante labor político de Avelino. Aínda que queda só, segue facendo o labor de dirección na Coruña. Na segunda metade do ano 45 entra en

contacto con Leopoldo Marcos González, Gervasio García de Cos e Aniceto Sánchez Chicharro, camaradas do seu partido que non se exiliaron, pasaron uns anos na cadea e logo fixaron a súa residencia na cidade. Os catro forman o Comité Local da Coruña, e en poucos meses xa teñen organizados a un número importante de militantes.

O traballo político de Avelino non se limitou á Coruña. Tamén chegou a Lugo, Santiago, Ferrol, Corme, Corcubión, Ordes, Sada, Noia, Santa Comba e Carballo, onde animou a creación de células e conectou as xa existentes coa dirección do partido. Aínda que xa había 20 anos que marchara de Corme, sempre tivo moi en conta á súa Vila natal no traballo político. Non foi fácil crear unha célula en Corme, porque Luis Ferro, xefe da célula, non quería volver a comprometerse, queimado pola penuria que fora vivir permanentemente agochado entre 1936 e 1939. Pero Avelino foi teimudo, e por fin Luis Ferro asumiu o choio. E aí seguíu Avelino dando o seu apoio: neste tempo pasou moitas noites en Corme, reuníndose cos membros da célula e pernoctando na caseta das autopsias do cemiterio, xunto a tres militantes coruñeses que estiveron aquí un mes, antes de incorporarse á guerrilla. Pero coidándose moito de que non o vira ninguén alleo ao seu partido, sacando ao seu curmán Andrés de Bartola e algún fillo deste. E sacando tamén a esa enigmática Rosita (ou Carme, ou Julita), rapaza de Corme que lles levaba de comer e que se interesaba polos exemplares do xornal Mundo Obrero que tiñan por alí.

En Corme e en todas as cidades e vilas mencionadas, os militantes eran fieis á dirección do PCE porque Avelino tamén o era. Pero isto non era así nas cidades e vilas do sur de Galicia, onde os comités locais eran leais a Víctor García Estanillo "O Brasileño". Este dirixente rompera a comunicación coa dirección do partido, e actuaba por libre, e por este motivo Avelino enfrentouse a el, visitando o sur de Galicia neste seu ano na dirección do PCE galego, seguramente para intentar aillar ao Brasileño e gañar a confianza dos militantes do sur, cousa que non conseguiu.

Así que o cormelán Avelino Rivas Pombo foi, xunto con Víctor García Estanillo, o máximo dirixente do PCE en Galicia entre a primavera de 1945 e a de 1946. Ademais, o noso paisano foi o único fiel á nova dirección.

Pero non temos claro se considerar este feito coma un mérito. Porque a nova dirección do PCE concéntrase en Franza (logo de estar repartida nos anos anteriores entre Moscova, México e Franza) entre os últimos meses de 1945 e os albores de 1946. E manda un novo equipo de cadros para que se fagan co control do PCE en Galicia (neste equipo estaban Gayoso e Seoane, uns dos máis coñecidos líderes do PCE en Galicia durante a ditadura). Esta nova dirección galega, chegada a primeiros de abril de 1946, recrimina a Avelino moitos erros na realización do seu labor: ser dema-siado flexible na incorporación de novos militantes, non organizar ben ás células, permanecer sen contacto coa dirección durante moitos meses, visitar á súa familia sen permiso,..... Ata hai algún informe interno que o pon baixo sospeita de colaboración (matizando que pode ser involuntaria) coa Garda Civil.

Asumimos o feito de que Avelino non foi un bo dirixente. Algúns dos erros da súa xestión poidemos confirmalos. Tamén é certo que poderíamos buscarlle as voltas a algún dos erros que se lle achacaron. E tamén que, aínda que os dirixentes que substituíron e defenestraron a Avelino son hoxe considerados heroes, hai informes que fan unha crítica durísima da súa xestión. Pero non queremos enliarnos nesto. Preferimos destacar o positivo. Se nos poñemos no punto de vista do seu partido, hai unha cualidade moi destacable de Avelino: a súa lealdade.

Cando a nova dirección chegou a Galicia, quixo dar un golpe de efecto, e organizou unha xornada de loita antifranquista o 1 de maio de 1946, que tivo lugar na Coruña. Consistiu en pendurar bandeiras republicanas dos cables da luz, facer paros en algúns centros de traballo e pegar e repartir panfletos. Todas estas accións foron levadas a cabo polos militantes, e poideron facerse grazas a que cando chegou a nova dirección, Avelino entregou un comité local da Coruña formado por 33 militantes fieis. Sen o seu labor de organización e sen a súa lealdade, todo isto non se podería ter realizado. Outra proba da súa lealdade á nova dirección foi que asumiu a súa perda de poder disciplinadamente. Nin sequera intentou evadirse a Franza, como fixeron outros militantes. El seguíu aquí a loita ata as últimas consecuencias.

Pero esta cualidade non aparece reflectida nos informes da época, e o que máis pesou para os novos dirixentes foron os feitos negativos. Así que recomendan a Avelino que abandone a vida civil e que se incorpore á guerrilla, coa que xa viña traballando en coordinación con Marrofer. A pesares desto, chama a atención que, logo de feita varias veces esta recomendación, e cando a

caída en desgraza de Avelino xa parecía irreversible, asígnanlle un posto na nova dirección provincial, e tamén contan con el para conseguir que Víctor García Estanillo recoñeza á nova dirección ou, no caso contrario, sexa eliminado. ¿Caera en desgraza ou era unha persoa de máxima confianza?

Fose como fose, a súa incorporación á guerrilla é definitiva en poucas semanas, e na primavera de 1946 desaparece da vida civil. Nos meses seguintes vive no monte, e ao principio aínda ten algo de confianza na loita que están levando a cabo. Pero pouco a pouco vai vendo como moitos compañeiros van sendo abatidos a balazos, e como moitos enlaces van caendo prisioneiros. Esta sucesión lenta pero incesante vai minando pouco a pouco a súa moral, que entra xa maltreita na primavera de 1947. A morte de Manuel Ponte Pedreira e a redada que a segue é a pingueira que fai rebordar o vaso. E así chegamos ao punto onde empezábamos o relato, cun Avelino que en vez de sentir o sol da mañán como unha inxección de moral sínteo como unha ameaza, como unha proba de que igual que os seus raios atravesan os piñeiros, un home cunha escopeta tamén podería facer branco nas súas costas.

O día 22 de maio de 1947, Avelino e outro guerrilleiro saen de Santa Comba en dirección a Tordoia, e alguén delata este feito á Garda Civil de Bemibre. Tres números da benemérita vístense de feirantes e esperan aos guerrilleiros no cruce entre a estrada de Santa Comba a Tordoia e a de Carballo a Santiago. Mentras, outro grupo de gardas apóstase nos montes de Arabexo, sitios entre o cruce e Tordoia. Cando chegan os guerrilleiros, os gardas disfrazados tentan achegarse a eles, pero Avelino e o compañeiro non caen na trampa, abandonan a estrada e se-guen campo a través cara Tordoia. Cando chegan aos montes de Arabexo, o outro grupo de gardas empeza a dispararlles, matando instantáneamente a un dos guerrilleiros, e conseguindo zafar-se o outro internándose no monte. O morto resultou ser Avelino Rivas Pombo, que caíu a só 5 kilómetros de onde foron fusilados os cormeláns Julio do Pintor, O Ruco e Tío Pancho no malfadado verán de 1936.

TRABALLO REALIZADO POR FERNANDO VIDAL COLLAZO PARA A A.VV. EDUARDO PONDAL DE CORME.

Publicado nesta web o día 22 de xaneiro de 2007

Fernando Vidal é cormelán e socio da A.VV. Eduardo Pondal

contacta: fernandocorme@edu.xunta.es

FONTES

- Entrevista a Pepita de Alejandrina, Corme, 8 de xaneiro de 2005
- Entrevista a José Facal, Corme, 25-setembro-2005
- Entrevista a Tía Elvira Facal Pombo, Trintxerpe, 30 de setembro de 2005
- Conferencia de Santiago Carrillo na Fundación Luis Seoane da Coruña, 10-novembro-2005
- Entrevista a Paco Armas, A Coruña, 11-xaneiro-2006
- Entrevista a José Rey Suárez, feita pola CRMH, A Coruña, xuño-2006
- Entrevista a Emilia Patiño, Pontedeume, 21-agosto-2006
- Entrevista a José Mosqueira, Corme, 24-agosto-2006

- LAMELA GARCÍA, Luis. *Crónica de una Represión en la "Costa da Morte"*. Ed do Castro,2005,px.343-5
- ÁLVAREZ, Santiago. *Memorias IV*. Ed. do Castro, 1990, páx. 65-73 e 175-179
- VÁZQUEZ MONTALBÁN, Manuel. *Pasionaria y los Siete Enanitos*. Ed. Mondadori, 1995
- SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor Manuel. *Historia do PCE en Galicia(1920-1968)*. Ed do Castro,2002, pxs. 281, 282, 291, 336
- HEINE, Hartmut. *A Guerrilla Antifranquista en Galicia*. Ed. Xerais, 1980, px. 183

arquivo militar:

- Causa 200 de 1947, e declaración de Manuel García López no folio 69
- Causa 271 de 1946: folio 22, e Declaracións de Manuel Bello Parga, folios 19 e 109
- Causa 240 de 1946: Declaración de Andrés Cousillas Pombo, folios 43 e 56; Declaración de Gervasio García de Cos, folios 4-5; Declaración de Leopoldo Marcos González, folios 7-8; Declaración de Luis Ferro, folio 45; Declaración de Carlos Rivas Pombo, folio 101 volto

arquivo histórico PCE:

- Informe sobre Rivas.s.d.,AHPCE Movemento guerrilleiro. Pasos. Informes sobre camaradas. Sig. 975
- Informe de Galicia. Agosto de 1946. AHPCE. Filme Galicia 508-513
- Información facilitada por el evadido Julio Sánchez sobre hechos acaecidos en Galicia. París, 20-VI-1947, AHPCE.Informes do interior. Jacq.55.
- Domingo Villar. Toulouse, 16 de enero de 1947. AHPCE. Informes do interior. Jacq.211
- Informe al Comité Central del Partido enviado por el Comité Regional de Galicia. Febrero de 1949, AHPCE. Filme Galicia 534-535

Agradecementos:

- A todas as vellas e vellos de Corme que me falan dos tempos de antes
- A Manoel Irixa de Ghisalda
- A Eliseo Fernández, Víctor Santidrián e Dionisio Pereira